

## TEMPO EXPORTO E...

domingo 31 de outubro, 19h.  
AUDITORIO MARTÍN CÓDAX  
Vigo

Estreas mundiais de Ui-Kyung Lee (Seúl, Corea do Sur, 1984), Adrian Laugsch (Colonia, Alemaña, 1997), Chanhee Lim (Daejeon, Corea do Sur, 1985) e Iván Ferrer-Orozco (Cidade de México, 1976), e a presentación en España do derradeiro traballo de Macarena Rosmanich (Santiago de Chile, 1981) para reflexionar acerca da vida actual e as importantes transformacións nas prácticas políticas, económicas e sociais ás que acontecementos como a Covid-19 e o cambio climático obrigan despois de 300 anos de civilización mecanizada, capitalismo, imperialismo e globalización. Cecabes precisemos unha comprensión bergsoniana do tempo para acometer desafíos que nos amosen, como en longas exposicións fotográficas, novas dimensións do real, aperturas da percepción consciente previamente inaccesibles.

IVÁN FERRER-OROZCO *Topia 1\** (2021)

CHANHEE LEE *Cousas moi vagas\** (2021)

MACARENA ROSMANICH *Desertos\*\** (2021)

ADRIAN LAUNGSCH

*Deixade de resistir\** (2021)

UI-KYUNG LEE *Tempo exporto e... / Hommage á Hiroshi Sugimoto e La Monte Young\** (2021)

\*Estrea mundial. Encomenda de Vertixe Sonora

\*\*Presentación en España

## AS OBRAS

### Topia 1 (Iván Ferrer-Orozco, 1976)

Topia provén do grego τόπος (topos) «lugar». Na orixe de palabras como *utopía* (non lugar), *distopía* (mal lugar), etc.; e tamén relacionada con *topiarius*, representación dun lugar por parte dun pintor en Grecia; ou termo co que se designaba aos xardineiros deseñadores especializados na creación e mantemento dos xardíns de pracer das mansións de senadores, emperadores, etc., na Roma antiga.

Así son entendidas as gravacións reproducidas durante a interpretación desta peza. Como elementos que fan forma a un lugar. Pero non porque correspondan a unha mesma orixe, senón porque a súa reprodución dentro da sala de concertos as vencella dun xeito específico (que é determinado máis por quen escoita, que por aquel que os seleccionou previamente).

Tanto as gravacións e os textos son de elección libre e cambian cada vez que se interpreta a obra.

### Cousas moi vagas (Chanhee Lee, 2021)

Sinto que os meus horizontes se expanden cando coñezo o que non sabía. Ese movemento interior cada vez maior embárgame. Tamén o interior, organizado ata o de agora, marcha escindido e embarullado pola ampliación. E máis aló dos meus horizontes ensanchados todo éme descoñecido. Porque cecabes está moi lonxe de min. Quizáis por iso as cousas que existen un pouco máis aló da área do que sei percíbenme tan escuramente.

As cousas que non defino, as cousas que non comprendo, as cousas que parece que sei pero descoñezo, as cousas que creía saber pero realmente non sabía, as cousas que son demasiado vagas para seren explicadas dunha forma precisa, forman un muro entre min e o que se estende máis aló de min.

O espazo baleiro que hai dentro de min é un espazo baleiro que non se considera porque xa o coñezo. En propiedade non pode percibir o espazo baleiro que existe tanto dentro como fóra de min.

A música non-música, e a música sen-música son músicas do noso tempo actual. O eu non-eu e o eu sen-eu son o meu eu do presente. Estou ocupado por esta idade. A miña fronteira nesta época é moi ampla e ao mesmo tempo moi estreita. Os espazos cheos fanse máis densos e os espazos baleiros máis baleiros. Eu existindo máis aló do espazo baleiro miro de novo o espazo baleiro. Vou ao espazo baleiro dentro e fóra de min.

### Desertos (Macarena Rosmanich, 1981)

Explora os modos de conexión no binomio espectador-obxecto na “experiencia da arte”: Na contemplación dunha obra artística non somos seres pasivos ante unha realidade externa, senon activos participantes. A experiencia perceptiva do arte a personifica o espectador no seu encontro co obxecto artístico. Son os xeitos de entrar nunha obra de arte o que tratei de explorar nesta proposta.

### Deixade de resistir (Adrian Laugsch, 2021)

Trátase dunha peza sobre a ritualización, a fetichización e a estetización da violencia. Deconstrúense, xuxtapónense e recontextualízanse diferentes formas e capas de rituais: o exorcismo católico, a violencia policial e as prácticas de BDSM perméanse e apropiáanse mutuamente e intentan formar novas entidades que xorden entre o son e a imaxe.

### Tempo exporto e... / Hommage á Hiroshi Sugimoto e La Monte Young (Ui-Kyung Lee, 2021)

A Covid-19 e o cambio climático que estamos a padecer están a pedir cambios importantes na nosa vida diaria, política e sistema económico, construídos nos últimos 200 a 300 anos na base dunha civilización mecanizada, o capitalismo e a globalización. Esta transformación require dun grande cambio na sensibilidade positiva da enerxía vertical e ascendente dos nosos sentidos e fantasías.

Aquí, sustitúin o tempo musical de desenvolvemento convencional para explorar a posibilidade dun tempo horizontal a través de tres tentativas: a que describe a filosofía de Bergson –o puro fluxo do tempo de forma continua–; e o tempo propio dos fenómenos da nosa natureza; e finalmente un senso de tempo artificial e continuo afirmativo.

Os pensamentos e obras de Hiroshi Sugimoto e La Monte Young foron moi suxerentes neste proceso. De feito o termo “Tempo exposto” fai referencia a unha das series de obras de Sugimoto, nas que dispara fenómenos causados por empuxar ao extremo o tempo de exposición da cámara. O traballo deste xeito amosa un espazo transformado que xa formaba parte do espazo fotografado pero permanecía invisible. Do mesmo xeito, La Monte Young transforma o espazo que rodea a música escollendo sons reducidos nun tempo musical extremadamente longo.

No novo espazo transformado, o ritmo, o material antropolóxico e o timbre dos instrumentos son elementos cruciais para este. A reunión de ritmos aleatorios e intencionados nun espazo accidental e os timbres dos instrumentos con connotacións específicas fan deste espazo non só un simple espazo abstracto senón tamén un espazo teatral complexo. Esta paisaxe sonora artificial é a miña propia exploración do tempo dialéctico bergsoniano.

## OS COMPOSITORES

### Macarena Rosmanich (Santiago de Chile, 1981)

Compositora chilena, estudou composición na Universidade de Chile, baixo a tutela de Aliocha Solovera e Jorge Pepi Álós, un Posgrao con Sánchez-Verdú e Universidade Robert Schumann de Düsseldorf e un Máster na Universidade de Friburgo co Johannes Schöllhorn. As súas obras foron estreadas tanto en Europa como en América Latina, por grupos como Ensemble Multilatérale (Francia), Vertixe Sonora (España), United Instrument of Lucilin (Luxemburgo), MusikFabrik, Recherche, KNM, Kommas (Alemaña), Blue Collective and Contemporary Music Company (Chile). Desde 2011 vive e traballa como compositora freelance en Colonia, Alemaña.

### Iván Ferrer-Orozco (Cidade de México, 1976)

Iván Ferrer é artista sonoro, compositor e intérprete de música contemporánea, electrónica e experimental. Presenta en escenas de música, EUA, España, Alemaña, Canadá, Arxentina, Chile, Corea do Sur, Chipre e Italia, sendo o seu traballo amplamente recoñecido. Actualmente é director artístico e produtor de InterAcciona, Plataforma de Creación con Novos Medios en México, consultor de artes en Acelerador de Artistas, e membro do grupo NEOPERCUSIÓN como responsable de produción e novos medios. Así mesmo é actualmente profesor na escola de Artes Dixitais e Deseño de Experiencias do IED Madrid en España. Traballa habitualmente con Vertixe Sonora.

### Chanhee Lim (Daejeon, Corea do Sur, 1985)

Completoou os seus estudos de composición en Rostock e Desres con Petre Manfred Wolf, José María Sánchez-Verdú e Mark André. Actualmente cursa un máster con Caspar Johannes Walter na Escola Superior de Música de Basilea. As súas obras foron interpretadas en Alemaña, Francia, Austria, Rusia, Suíza, España e Corea do Sur, por grupos como Minguet Quartett, Trio Sostenuw, Studio for New Music Ensemble, Trio Sæitenwind, Ensemble Chambre d’écoute, Neophon Ensemble, Ensemble de Música Contemporánea de Moscova, Phoenix Basel Ensemble, NAMES Ensemble e Intercontemporain Ensemble. É gañador dos concursos Jurganson-Competition Moscow e Competition Donne in Musica e recibiu unha bolsa como artista en residencia na Künstlerhaus Eckernförde. A súa música foi escollida para presentacións en Project21AND Seoul, Sorimok Seoul, Impuls Graz, Snim - spontanen netzwerk für improvisierte musik Wien, Crossroads Salzburg, Darmstädter Ferienkursen, Manifeste Paris, para o Workshop Neue Vocalsolisten Stuttgart e na Academy of Young Compos. Cidade de Tchaikovsky, entre outros. É director artístico do ensemble morph. As súas obras son publicadas en BabelScores Paris.

### Adrian Laugsch (Colonia, Alemania, 1997)

Compositor e intérprete polaco-alemán. Tivo as súas primeiras clases de composición con Lydia Weißgerber. Desde 2014 estuda na Universidade de Música e Artes Escénicas de Stuttgart con Martin Schüttler. Interésalle, entre outras cousas, o material histórico e (auto)biográfico e a súa confrontación coas estratexias dixitais, multimedia e teatrais a través das que aborda o tema da función dos intérpretes. Esas funcións van cada vez máis aló da música convencional e cuestionan a posibilidade de intimidade, así como as fronteiras entre o privado e o público. As súas obras foron interpretadas por conxuntos de renome como Ensemble Courage, Kammerensemble Neue Musik Berlin, Sinfonietta Dresden, Camerata Zürich, Glasgow New Music Expedition, Mitteldeutsche Kammerphilharmonie e Max Brand Ensemble Wien. Foi galardoado con numerosos premios e becas nacionais e internacionais: 1º premio no concurso de composición Osnabrück/Alemaña, 2º premio no concurso internacional Gustav Mahler de composición Klagenfurt/Austria, premio Berio de composición Wrocław/Polonia, etc. Ademais, Adrian colaborou coa Universidade de Danza de Palucca, a Frauenkirche de Dresde, o European Center for the Arts Hellerau, o SoundThought Festival de Glasgow, os Kyiv Contemporary Music Days, o Dias de Musica Electroacustica Portugal, o Kyung Hee Composition Festival Seoul e o IMPULS Festival.

### Ui-Kyung Lee (Seúl, Corea do Sur, 1984)

Estudou composición na Universidade Kyung-Hee con Jun-Young Park. Despois no Toho-Gakuen College of Music (Xapón) como estudante investigador baixo a dirección de Masahiro Ishijima. Continuou cun Master e Konzertexamen con Martin Schüttler na Academia Estatal de Música e Artes Escénicas de Stuttgart en Alemaña.

A súa música é interpretada en moitas cidades e festivais diferentes, como Japan Music Festival na Universidade de Indiana, Artspectrum 2014 no Samsung Leeum Museum, Würzburg Dom Festival, Next Generation of Donaueschinger Musiktage 2016, Rainy days 2018 (Luxemburgo), REM Festival (Bremen) e Staatsoper Stuttgart etc. por moitos músicos e conxuntos como Ensemble Crush, Pony Says, AAA---AAA, Nadar Ensemble, Ensemble Musikfabrik e SWR Vokalensemble etc.

Foi bolseiro da SWR-Vokalensemble Akademie e da Kunststiftung Baden-Württemberg para 2020.

Pretende que a música se perciba como política e socialmente aceptable ao combinar unha configuración intermedia variable e unha instrumentación inusual que poida suscitar preguntas cruciais sobre o noso ambiente social.

Co compositor austríaco Julian Siffert fixo un dúo “Perspektivenbox” que actualmente traballa na música contemporánea/experimental, de performance e de arte participativa.